

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Curso 2016-2017

CRITERIOS DE A VALIACIÓN

LINGUA INGLESA

(Cód 11)

Question 1. (1 punto)

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Question 2. (1 punto; 0.25 por cada palabra/ expresión correcta)

Question 3. (4 x 0.5 = 2 puntos).

Transformación dunha parte ou o total dunha frase tirada do texto noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de catro partes, cunha puntuación de 0,5 puntos para cada parte.

Question 4. (2 x 1 = 2 puntos)

Esta pregunta avalía a comprensión de detalle do texto e a capacidade do alumnado para expresar as ideas aí contidas coas súas propias palabras. Aínda que na contestación non será necesario que se repita o enunciado da pregunta, en ningún caso se poderá contestar con respostas curtas de tipo “Yes, he does” ou “No, they haven’t”. Esta pregunta formularase con dous apartados. Cada un deles valerá 1 punto e avaliarase segundo os seguintes criterios:

1. O alumnado comprendeu a pregunta que se lle formulou e a súa contestación é axeitada e relevante.
2. O alumnado expresou as súas ideas sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

Question 5. (3 puntos)

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 3 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros; cada un deles puntuarase de 0 a 0.5 puntos:

- a) **Alcance.** O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
- b) **Riqueza e control do vocabulario.**
- c) **Corrección gramatical.** O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir a “-s” da 3ª persoa do singular do Presente Habitual (he writeS), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros.
- d) **Fluidez.** O alumnado posúe un dominio da lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.
- e) **Cohesión.** O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión.
- f) **Coherencia.** O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado

TOTAL = 9 puntos.

Segunda parte: LISTENING TEST (1 punto)